UTE entre Barnacle Obras y Servicios, S.L e Excavaciones y Transportes BC, S.L.	117.553,23 €
Nexia Infraestructuras, S.L.U.	122.663,14 €
Explotaciones Gallegas, S.L.	115.394,00 €
Obras y Viales de Galicia, S.L. (OVIGA)	144.975,21 €
Asfalgal Técnicas Viarias, S.L.	106.370,67 €
Hordescón, S.L.	135.144,40 €

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que as ofertas presentadas polos licitadores





“Construcciones Ponciano Nieto, S.L.”, “Canarga, S.L.”, “Empresa de Mezclas Asfálticas, S.L.”, “Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L. (MARCONSA)” e “Asfalgal Técnicas Viarias, S.L.” deben ser consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, a Mesa de Contratación, na súa mesma reunión da data 16/04/2018, acordou requirir as citadas empresas para que no prazo máximo de 5 días naturais xustificasen a súas respectivas ofertas.

Dentro do prazo concedido presentaron documentación as seguintes empresas requiridas: “Construcciones Ponciano Nieto, S.L.”, “Canarga, S.L.”, “Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L. (MARCONSA)” e “Asfalgal Técnicas Viarias, S.L.”

Non consta que presentara documentación a outra empresa requirida “Empresa de Mezclas Asfálticas, S.L.”

Con data 18/05/2018 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das ofertas presentadas na licitación da obra “Renovación do pavimento asfáltico e instalación de rede de pluviais na rúa Castelao (Aguíño)”*, no que conclúe que:

“Atendendo á documentación aportada polos ofertantes, considerase que:

Na documentación presentada por Canarga, S.L. e por Asfalgal Técnicas Viarias, S.L. expoñen os motivos que os levaron a realizar a súa oferta, relacionando os prezos dos materiais necesarios, a maquinaria, medios auxiliares e persoal de que dispoñen para executar a obra, así como o volume de obra xa contratada, polo que se estiman debidamente xustificadas as ofertas presentadas.

As empresas Construcciones Ponciano Nieto, S.L. e Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L. (MARCONSA) non expoñen motivos especialmente vantaxosos que xustifiquen as súas ofertas, ó non indicar prezos dos provedores dos materiais mais importantes, polo que non se estiman debidamente xustificadas as ofertas presentadas.

E segundo o exposto propón *“aceptar a xustificación das baixas temerarias presentadas polas empresas Canarga, S.L. e por Asfalgal Técnicas Viarias, S.L. e excluír ás empresas Construcciones Ponciano Nieto, S.L. e Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L. do proceso de licitación.”*

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos e vista a cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación.

Vista a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 13/06/2018.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía





Landeira Pereira na data 18/05/2018 e considerando a documentación aportada polas empresas as que se lle requiriu que xustificasen as súas ofertas económicas:

- Considerar xustificadas as ofertas económicas presentadas polas empresas “Canarga, S.L.” e Asfalgal Técnicas Viarias, S.L.
- Excluír da licitación ás empresas “Construcciones Ponciano Nieto, S.L.” e “Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.”, por non estimar debidamente xustificadas as súas respectivas ofertas económicas.

SEGUNDO.- Excluír da licitación á empresa “Empresa de Mezclas Asfálticas, S.L.” por non ter presentado documentación xustificativa da súa oferta económica.

TERCEIRO.- De acordo co disposto no artigo 151, apartado 1, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación da “Renovación do pavimento asfáltico e instalación de rede de pluviais na rúa Castelao (Aguíño)”**, do seguinte xeito:

ORD E	LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído)
1	Canarga, S.L.	96.905,78 €
2	Asfalgal Técnicas Viarias, S.L.	106.370,67 €
3	Construcciones J.Mauri e Hijos, S.L.	110.507,01 €
4	Sondeos Porzuna, S.L.	111.644,95 €
5	Arines Obras y Proyectos, S.L.	113.270,59 €
6	Francisco Gómez y Cia, S.L.	113.444,00 €
7	Explotaciones Gallegas, S.L.	115.394,00 €
8	UTE entre Barnacle Obras y Servicios, S.L e Excavaciones y	117.553,23 €
9	Nemesio Ordóñez, S.A.	117.750,11 €
10	Nexia Infraestructuras, S.L.U.	122.663,14 €
11	Alcomte Galicia, S.L.	126.000,00 €
12	Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	128.786,36 €
13	Hordescón, S.L.	135.144,40 €
14	Arias Infraestructuras, S.A.	138.287,25 €
15	Coviasfec, S.L.	139.673,82 €
16	Obras y Viales de Galicia, S.L. (OVIGA)	144.975,21 €
17	Excavaciones Cernadas Valiña, S.L.	145.313,64 €
18	Excavaciones Pose, S.L.	149.000,00 €
19	Actividades de Construcción Edificación y Viales, S.L.(ACEVI)	150.397,26 €
20	Tarrío y Suárez, S.L.	153.532,12 €
21	Canalizaciones y Contrucciones Salnés, S.L.	154.200,44 €
22	Excavaciones y Transportes Ivanca, S.L.	154.590,71 €
23	Desmaco, S.L.U.	157.343,33 €
24	Construcciones Oñial, S.L.	164.000,00 €
25	Construccións Fermín Simal, S.L.	169.420,66 €

CUARTO.- De conformidade co establecido no artigo 151, apartado 2, do Real





Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir a empresa “Canarga, S.L.”**, que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello **a documentación que se indica nas cláusulas 16.1 e 12.1.1 do prego de cláusulas administrativas particulares (excepto a xa presentada na documentación simplificada).**

De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún expediente para a súa dación de conta

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Visto o escrito presentado por **Fernando Varela Rodríguez**, de data 12/06/2018 (Rexistro de entrada nº 8.820), no que solicita, ante a imposibilidade de poder abrir o chiringuito, o aprazamento do inicio da concesión ata o ano 2019 dun posto para instalación de tempada situado en Punta Touro; así como non abonar o canon correspondente á tempada 2018 e a devolución da fianza do mesmo ano.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** o aprazamento do inicio da concesión ata o ano 2019 do posto para instalación de tempada situado en Punta Touro (Adxudicado a Fernando Varela Rodríguez segundo acordo da Xunta de Goberno Local na sesión celebrada en data 24/05/2018)
- Aprobar** a exención do canon correspondente á tempada 2018
- Aprobar** a devolución da fianza depositada correspondente á tempada 2018.





VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Vistos os escritos presentados por **Bartolomé José Ayora Ortega**, de datas 02/03/2018 e 05/04/2018 (Rexistros de entrada nº 2.784 e 5.089), nos que solicita licenza de obras para reforma e ampliación de vivenda unifamiliar de planta baixa e planta primeira, sita no lugar de Filgueira nº 26, Carreira, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A821003280000ZZ.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 13/04/2018, visto o informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 06/06/2018, e visto informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 06/06/2018, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER ao Sr. Bartolomé José Ayora Ortega **LICENZA DE OBRAS (Nº 26/18)** para **REFORMA E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA** sita no lugar de Filgueira nº 26, Carreira, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A821003280000ZZ, nos termos do Proxecto Básico de xaneiro de 2018 así como Proxecto Básico correxido de marzo de 2018 redactados polo Sr. Alberto Pérez Saborido, (arquitecto col. nº 4.773):

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.*
- *Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñacións, (segundo o Arquitecto Técnico Municipal superficie de parcela de cesión nas franxa sita ao longo do vial, **refléxase unha superficie de cesión en total de 54,00 m²**), e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal **unha fianza de 1.272,62 €.** € en **metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.***
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde, cos preceptivos visados colexiais.***





SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180239591
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 25/06/2018		Fecha: 25/06/2018
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/06/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/06/2018 09:41:35		Hora: 09:40





- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participará a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180239591
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 25/06/2018 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/06/2018 <small>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/06/2018 09:41:35</small>		Fecha: 25/06/2018 Hora: 09:40





NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

2.- Vistos os escritos presentados por **Francisco José Sobrido Cadabal**, de datas 23/11/2017, 24/11/2017 e 09/05/2018 (Rexistros de entrada nº 18.552, 18.613 e 6.830), nos que solicita licenza de obras para ampliación de vivenda unifamiliar e desplazamento dun hórreo sito no lugar das Viñas nº 11, Artes, Riveira, en parcela con refª catastral nº 4137802MH9143N0001TZ.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 11/05/2018, vista a Resolución favorable emitida pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asinada dixitalmente na data 6 de marzo de 2018 pola xefa do servizo Sra. Rosario Fernández-Albalat Ruiz, e visto informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 06/06/2018, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER ao Sr. Francisco José Sobrido Cadabal **LICENZA DE OBRAS (Nº 27/18)** para **AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR e DESPLAZAMIENTO DE HÓRREO EXISTENTE**, sitos no lugar das Viñas nº 11, Artes, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A001005690000KA, nos termos do Proxecto Básico de novembro de 2017 así como do Proxecto Básico modificado con sinatura dixital de data 8 de maio de 2018, ambos redactados polo Sr. Amancio Losada Vicente, (arquitecto col. nº 1.463), así como da Resolución favorable emitida pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asinada dixitalmente na data 6 de marzo de 2018 pola xefa do servizo Sra. Rosario Fernández-Albalat Ruiz:





- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde, cos preceptivos visados colexiais.**

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180239591
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 25/06/2018		Fecha: 25/06/2018
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/06/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/06/2018 09:41:35		Hora: 09:40





- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederáse a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20180239591
MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIVEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 25/06/2018		Fecha: 25/06/2018
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/06/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/06/2018 09:41:35		Hora: 09:40





OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

Visto o escrito presentado por Daniel Álvarez Martínez en representación de **Fremat Matepss**, de data 31/05/2018 (Rexistro de entrada nº 8.068), no que solicita certificación municipal na que conste os cambios derivados da actualización do vixente Padrón Municipal de Habitantes en decembro de 2010 e posteriores (renumeración de rúas e lugares, así como a creación de novas rúas), e que afectan ao seu enderezo xa sexa por renumeración da vía/lugar ou por creación dunha nova rúa e resultando da mesma unha nova denominación e/ou numeración; modificación (M RD) que non supón un cambio de domicilio.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 06/06/2018, por unanimidade dos membros presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración se informa que en relación a actividade que se realiza amparada pola **LICENZA DE ACTIVIDADE CONCEDIDA POR DECRETO DE ALCALDÍA DE DATA 30 DE MARZO DE 2005 Á ENTIDADE FREMAP MATEPSS PARA ESTABLECEMENTO ADICADO A OFICINAS ADMINISTRATIVAS**, segundo consta na base de datos do vixente Padrón Municipal de Habitantes, e despois da actualización do Padrón Municipal de Habitantes en





decembro de 2010 e posteriores (renumeración de rúas e lugares, así como a creación de novas rúas), e que afectan ao seu enderezo xa sexa por renumeración da vía/lugar ou por creación dunha nova rúa e resultando da mesma unha nova denominación e/ou numeración que non supón un cambio de domicilio.

Segundo o anteriormente exposto a sociedade FREMAP MATEPSS, (CIF G-28207017), ten a seguinte dirección:

LICENZA DE ACTIVIDADE PARA ESTABLECEMENTO ADICADO A OFICINAS ADMINISTRATIVAS EN ESTABLECEMENTO SITO NA RÚA PASEO DAS CAROLINAS Nº 26, RIVEIRA, (DECRETO DE ALCALDÍA DE DATA 30 DE MARZO DE 2005).

Antes: Rúa Paseo das Carolinas nº 8, Baixo, Riveira

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XII.- VAOS PERMANENTES.

1.- Visto o escrito presentado por **Constantino Balsa Rivas**, de data 23/02/2018 (Rexistro de entrada nº 7.423), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao establecemento "Multimarca Auto Balsa" situado na Avenida da Coruña, entre os números 85-87 (Riveira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 12/06/2018 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a Constantino Balsa Rivas autorización para a instalación dun senal de vao permamente (6,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza e reforzo de pintado de liña amarela, na entrada ao establecemento "Multimarca Auto Balsa"





situado na Avenida da Coruña, entre os números 85-87 (Riveira), según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

2.- Visto o escrito presentado por **María José Gómez Suárez**, de data 07/06/2018 (Rexistro de entrada nº 8.491), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Novoa Santos, nº 48 (Riveira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 12/06/2018 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a María José Gómez Suárez autorización para a instalación dun sinal de vao permanente (3,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza e reforzo de pintado de liña amarela, na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Novoa Santos, nº 48 (Riveira), según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

3.- Visto o escrito presentado por **Josefa Sanda Lamas**, de data 06/06/2018 (Rexistro de entrada nº 8.400), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Falcoeiro, nº 5 (Aguiño).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 11/06/2018 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a Josefa Sanda Lamas autorización para a instalación dun sinal de vao permanente (3,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza e reforzo de pintado de liña amarela, na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Falcoeiro, nº 5 (Aguiño), según o sinalado no citado informe policial.

- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*





4.- Visto o escrito presentado por Guadalupe Somoza Varela en representación da **Comunidade de Propietarios Edificio Clara Campoamor**, de data 05/06/2018 (Rexistro de entrada nº 8.368), no que solicita ampliación de liña amarela de 2 metros lineais máis, un en cada extremo do vao permanente nº 33/09 situado na Rúa Abesadas (Riveira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 11/06/2018 emitido pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Que se proceda ao **repintado dos 3 metros lineais do vao permanente nº 33/09** para reforzalo, e non á súa ampliación de 3 m. a 5 m., tal e como sinalaba a solicitante nun principio, polas razóns manifestadas pola solicitante e reflectidas no citado informe policial.

5.- Visto o escrito presentado por **María Isabel García Gude**, de data 04/06/2018 (Rexistro de entrada nº 8.207), no que solicita o repintado da liña amarela (3 metros lineais) do vao permanente nº 8/15 situado na Mamoá, nº 35 A (Riveira), así como a instalación de adoquíns ou macetas para delimitación cos veciños colindantes.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 11/06/2018 emitido pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) Que se proceda ao **repintado** da liña amarela (3 metros lineais) do vao permanente nº 8/15 situado na Mamoá, nº 35 A (Riveira), segundo o sinalado no citado informe policial.
- b) Denegar a instalación de adoquíns ou calquera outro elemento que constitúa un obstáculo, para delimitación cos veciños colindantes, xa que podería ocasionar unha situación de perigo para os usuarios da vía; segundo o sinalado no citado informe policial.

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do escrito remitido pola **Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Sanidade**, de data 05/06/2018 (Rexistrado de saída en data 07/06/2018 co nº 17317/RX85967), no que se remite documentación por presunto incumprimento das obrigas recollidas na Lei 11/2010, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas de menores de idade de varios establecementos.





2.- Visto o oficio remitido pola **Policía Local**, de data 13/06/2018 (Rexistro de saída P.L. nº 797), no que achega informe policial de data 13/06/2018, relativo á regulación do estacionamento na Rúa do Norte (Palmeira) á altura do nº 118.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Que se proceda ao **pintado de liñas amarelas a ambos lados do final da Rúa do Norte (Palmeira)** con fin de evitar que os vehículos estacionen a ambos márxenes e dificulten a circulación, segundo o sinalado na fotografía que se achega xunto ao informe policial

3.- Visto o oficio remitido pola **Policía Local**, de data 13/06/2018 (Rexistro de saída P.L. nº 796), no que achega informe policial de data 13/06/2018, relativo á regulación do estacionamento na Rúa do Norte (Palmeira) á altura do nº 94.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Que se proceda ao **pintado de liñas amarelas a ambos lados do final da Rúa do Norte (Palmeira)** con fin de evitar que os vehículos estacionen a ambos márxenes e dificulten a circulación, segundo o sinalado na fotografía que se achega xunto ao informe policial

4.- Visto o oficio remitido pola **Policía Local**, de data 07/06/2018 (Rexistro de saída P.L. nº 753), no que achega informe policial de data 05/06/2018, relativo á instalación de sinalización vertical (ordenación de tráfico) na Aldea do Vilar (Carreira), á altura do nº 20, a petición do Concelleiro de Mobilidade e Seguridade Cidadá, por mor a que se trata dunha calzada sen saída para o tránsito de vehículos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a instalación dun sinal de tráfico de presinalización de calzada sen saída (S-15a), indicando que, da calzada que figura no sinal cun recadro vermello, os vehículos só poden saír polo lugar de entrada; segundo o sinalado no citado informe - gráfico policial.





APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE RIVEIRA PARA AS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E DOTACIÓN DE SERVIZOS NA AVENIDA DA CORUÑA EN RIVEIRA (TREITO COMPRENDIDO ENTRE OS NÚMEROS 109 E 123 NA SÚA MARXE ESQUERDA).

Visto o escrito remitido pola **Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo** - Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de data 27/03/2018 (Rexistro de saída de data 17/04/2018 – nº 32800/RX556629), e rexistrado de entrada en data 19/04/2018 co nº 5.815, en relación coa tramitación do acordo de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Riveira, para execución das obras de acondicionamento e dotación de servizos na Avenida da Coruña en Riveira (treito comprendido entre os números 109 e 123, na súa marxe esquerda).

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación que consta no expediente e visto o informe emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 12/06/2018, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

a) Aprobar a efectiva posta a disposición, libres de cargas e gravames e cos usos urbanísticos adecuados, de tódolos terreos necesarios para a normal execución das obras definidas no documento técnico, así como os correspondentes permisos e autorizacións para levalas a cabo, correndo cos custos que se xeren, entre os que non haberá liquidación algunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o titular das mesmas.

b) Aprobar o texto do Convenio de Colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e o Concello de Riveira para as obras de acondicionamento e dotación de servizos na Avenida da Coruña en Riveira (treito comprendido entre os números 109 e 123 na súa marxe esquerda).

c) Aprobar a obriga de asumir, unha vez recibidas as obras e logo de comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a explotación, mantemento e conservación delas.

d) Facultar ao Alcalde-Presidente para a sinatura do correspondente convenio.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde

Dou fe, o secretario xeral

Manuel Ruiz Rivas

Juan Manuel Salguero del Valle

